



Concello de Vigo

Secretaría do Goberno Local
Expte. 683/1102

RESOLUCIÓN

ANTECEDENTES

O Concello de Vigo ten unha extensa traxectoria na implantación e desenvolvemento de políticas públicas en transparencia e integridade, materias estas que son obxecto de reforzo tras da aprobación da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno e, tal e como se pode comprobar, cos excelentes resultados obtidos nas sucesivas avaliacións efectuadas por *Transparencia Internacional España*, no *Índice de Transparencia de Ayuntamientos (ITA)*.

A responsabilidade que este concello asume en transparencia é moi evidente en canto á publicidade activa pola tanxibilidade de contidos no Portal de Transparencia, porén esta responsabilidade se estende cara a resolución de solicitudes de acceso á información pública, piar adicional no que se apoia a transparencia administrativa e gubernamental.

No proceso de autoavaliación e mellora continuada que un boa administración require, realizouse unha análise previa, na que se determinou que a información e forma para o exercicio deste dereito era satisfactoria, cunha oferta online e presencial, con detalle sobre as características deste procedemento: definición, suxeitos que poden solicitar, información susceptible de límites, acceso parcial, formas de exercicio, medios de impugnación, prazo, etc.

A problemática aparece na novidade do procedemento para moitas das oficinas tramitadoras, o que sumado ao paulatino incremento de solicitudes deste tipo, xerou dificultades naturais que apremiaban ser atendidas. Por isto, determinouse a necesidade de revisar e implantar medidas de control, xestión e supervisión que axilizaran e simplificaran a tramitación e resolución destas solicitudes polas oficinas municipais.

A mais operativa destas medidas foi a creación dunha guía de tramitación que definira paso a paso a tramitación destas solicitudes. O obxectivo da medida foi duplo, por unha banda lograr unha xestión homoxénea polas distintas oficinas, pola outra, orientalas na forma e detalles para avanzar ao longo do expediente.

A esta fin, o 12.11.2018 se presenta solicitude do técnico do programa de transparencia ao grupo do Esquema Nacional de Interoperabilidade (Expediente 4/222) de conformación dunha guía de tramitación para este tipo de solicitudes

“EXPOÑO

A Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (LTAIBG) incorpora no seu articulado o procedemento para a tramitación das solicitudes de acceso á información pública.

O Concello de Vigo, como entidade da administración local, está obrigada á tramitación e resolución destas solicitudes de acordo con esta lei. O número de peticións de documentación instrumentadas a través deste procedemento aumenta cada ano dun xeito



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 22/11/2019 09:50

Páxina 1 de 4

Expediente 683/1102

CSV: 2FE7C2-86868F-BE393F-UFSYC4-YEX4P5-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo

Secretaría do Goberno Local
Expte. 683/1102

exponencial, segundo a veciñanza ten coñecemento deste dereito e da posibilidade de exercelo.

Co gallo de abordar esta tendencia, o Concello de Vigo ten constituído un Grupo de Traballo de Transparencia que se basea na axuda mutua e colaborativa dos empregados municipais ante a aparición de dúbidas e problemas na xestión deste procedemento. Este grupo de traballo confirmouse como unha ferramenta útil no desenvolvemento da actividade habitual pero precisa medidas de reforzo complementario á fin dunha maior eficacia.

Adicionalmente, constituíuse e dotouse un programa de transparencia para a facilitar a implantación da LTAIBG e impulsar os procedementos e obrigas nela prescritos. Dentro das funcións como técnico do programa de transparencia de prestar apoio aos servizos e persoal do Concello de Vigo na implantación práctica da LTAIBG, atópome a miúdo con que moitos dos empregados municipais teñen abundantes e profundas dúbidas á hora da súa acometida, tanto na tramitación, como na resolución. O prazo que a LTAIBG impón para estas solicitudes é tan só dun mes, o que fai crucial unha intervención rápida e sen demoras de toda solicitude que se presente.

Á vista da necesidade de facilitar aos servizos e persoal empregado do Concello de Vigo as máximas e mellores ferramentas posibles cara unha tramitación áxil e eficiente destas solicitudes, apreciase necesaria a delimitación dunha guía de tramitación que consolide e canalice este procedemento, sen dilacións e reducindo ao mínimo as incertezas.

O Grupo de Traballo do Esquema Nacional de Interoperabilidade, dentro do amplo conxunto de funcións que desenvolve, ten labor de ocuparse dos procedementos e das guías de tramitación. Créanse novos tipos de expediente, revísanse os antigos e prepáranse guías de tramitación adaptándoas aos novos estándares legais no marco normativo cambiante.

Polo anterior exposto,

SOLICITO

Ao Grupo de Traballo do Esquema Nacional de Interoperabilidade o estudio, desenvolvemento e aprobación dunha guía de tramitación para as solicitudes de acceso á información pública, para o cal achego proposta."

O 18.12.2018, o Concelleiro delegado responsable de Xestión Municipal aproba a resolución, tras informe proposta do Xefe do servizo de Administración Electrónica, coa guía de tramitación das solicitudes de acceso á información pública, que ao pouco se implantou e estableceu en funcionamento.

Esta guía presenta unha canle adaptada aos requisitos normativos básicos tanto do procedemento administrativo como o de transparencia, e dado o seu carácter secuencial, só precisa seguir a orde indicada nos trámites indicados. Ademais, para cada un deles se achega unha pequena descrición informativa, dando conta de cal é o seu cometido e a forma óptima de executalo.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 22/11/2019 09:50

Páxina 2 de 4

Expediente 683/1102

CSV: 2FE7C2-86868F-BE393F-UFSYC4-YEX4P5-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo

Secretaría do Goberno Local
Expte. 683/1102

Pero ademais de seguir unha vía procedimental rigorosa, se incorporaron melloras adicionais na tramitación para un apoio claro e directo. Exemplos disto son unha alerta de prazo de tramitación, para permitir que a aplicación informática avise de que se achega a fin do prazo para resolver e notificar ou os envíos ao Grupo de Transparencia tanto da solicitude como da resolución final, a efectos de que as persoas que o conforman participen mediante achegas ou atendan a consultas neste sentido.

Porén, para afrontar a variedade creativa na hora de editar os documentos que nutren esta guía, preparáronse modelos tanto de informe con proposta de resolución como de resolución, nos que se expresa un argumentario legal común definido e tan só obriga ao servizo que resolva a precisar as circunstancias concretas que aprecie en cada caso. Estes modelos se activaron na Intranet municipal para público coñecemento da casa, nunha sección de “Transparencia e Bo Goberno” creada a tal efecto.

Nun paso a maiores na tramitación sinxela posible e facilitando maior implantación, se editaron e estableceron eses modelos como unha plantilla que se xera de modo desasistido ao executar o trámite oportuno, con posibilidade de escoller o idioma (galego ou castelán). Deste modo, se cobren todos os datos relativos ao expediente e a persoa que resolve tan só ten que escoller o sentido da resolución (estimatoria, estimatoria parcial, desestimatoria, inadmitida,...) e motivala segundo os argumentos xa expostos.

Felizmente establecida a guía e os pasos a seguir, velouse pola procura de que non se produciran erros na calificación destas solicitudes e o uso condicionado da súa guía, un seguimento. Para isto, se instruíu ao persoal da oficina de rexistro de modo que con cada solicitude de acceso á información pública detectada, se dera conta ao persoal do Programa de Transparencia. Este persoal creou un expediente específico de seguimento (Expediente 566/1102) que centraliza as comunicacións cos servizos que resolven, prestando apoio. Este asesoramento se inicia dende a recepción da solicitude, cun envío de correo electrónico de benvinda no que se facilita unha explicación inicial cos pasos a seguir para a satisfactoria xestión e os teléfonos e correos de contacto do persoal do Programa de Transparencia. En aditamento, acompáñase dunha guía rápida na que se define con exemplos que é e que non é a información pública e como crear un expediente deste tipo para iniciar a guía de tramitación asistida.

A vista do exposto fórmase a seguinte

PROPOSTA:

Primeiro.- Establecer como boa práctica municipal de transparencia e bo goberno, a implantación da xestión estandarizada das SAIP, con información de libre acceso e actualizada, no Portal de Transparencia do Concello de Vigo.

Segundo.- Aprobar a remisión á *Red de Entidades Locales por la Transparencia y la Participación Ciudadana* da FEMP, da iniciativa no marco das políticas públicas de transparencia e integridade na xestión municipal, para a súa incorporación ao Banco de Boas prácticas.

Terceiro.- Dar traslado da presente ao xefe do Servizo de Administración Electrónica e á Secretaría do Goberno Local e ordenar a súa publicación no Portal de Transparencia.





Concello de Vigo

Secretaría do Goberno Local
Expte. 683/1102

Conforme a precedente proposta en execución das competencias, en exercicio das competencias atribuídas por delegación a esta Concellería por Resolución de Alcaldía do 19 de xuño de 2015, e posteriores modificacións, e por acordo a Xunta de Goberno Local de data 4 de novembro de 2016, e posteriores modificacións,

RESOLVO:

Prestar conformidade coa mesma, e ordenar a execución nos seus termos.

CCA/xs/rvr

Data da sinatura dixital,

A CONCELLEIRA DELEGADA DE CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E XESTIÓN MUNICIPAL –
PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO

Dou fe. A SECRETARIA DO GOBERNO LOCAL - M^a CONCEPCIÓN CAMPOS ACUÑA

